

- A Aula de Informática do Concello de Teo é un centro de acceso libre e de balde, en todas as súas actividades menos os cursos.
- Para o emprego dos recursos da Aula os/as usuarios/as deberán rexistrarse como tal, obtendo así o seu número (os/as menores de ata 13 anos incluídos precisarán para a inscrición como usuario/a unha autorización do seu pai, nai ou titor/a).
- En cada uso/visita que se faga aos recursos/centros deberá identificarse como usuario/a ante a persoa responsable.
- Non se permitirá introducir ou consumir comida, bebida, tabaco ou similares, permanecer na sala con finalidade distinta á fixada, así como alterar a orde, marcar ou danar bens mobles ou inmobles. Tampouco se consentirá subliñar, escribir, dobrar, raspar ou mutilar os documentos e os equipos.
- Evite facer rúidos: se quere escoitar música ou desenvolver calquera actividade ruidosa empregue os auriculares, fale moderadamente e utilice un ton de voz baixo e quítelle o son ou desconecte o móbil.
- Non se poderá baixar software nin instalar nos equipos ningún tipo de programa ou aplicación sen autorización dos responsables do centro.
- O uso indebido do material e dos equipos ou as modificacións na configuración deberá supor a expulsión inmediata e definitiva do centro.
- Para evitar a entrada de virus, a utilización de dispositivos de memoria, cd's ou dvd's será supervisada pola persoa responsable do centro.
- O tempo de utilización máximo dos equipos da Aula é o seguinte:
 - 1 hora para ocio.
 - 2 horas para usos profesionais.
 - Permítese reservar con antelación os equipos pero sempre para uso profesional (producirse a perda da reserva se pasan 15 minutos da hora sen ocupar o equipo).
- * Este tempo non se pode solapar e poderá ser modificado segundo a dispoñibilidade da aula
- Estabeleceranse como usos prioritarios do centro os seguintes:
 - Acceso a portais e servizos da Administración
 - Proxectos de teletraballo, formación e teleformación
 - Procura de emprego/orientación profesional
 - Realización de traballos e actividades académicas
- Queda totalmente prohibido o acceso a páxinas de contidos pornográficos, terroristas, racistas ou calquera contido que viole a legalidade vixente ou atente contra a dignidade das persoas.
- Os/as menores de 16 anos non poderán acceder ao centro no horario escolar.
- Os/as menores de 10 anos deberán estar sempre na compañía dun adulto responsábel.
- Coma norma xeral non está permitido xogar nos equipos do centro.
- Restrinxirase o uso do chat, redes sociais e programas de mensaxería instantánea. En todo caso, os **usos relacionados co ocio** quedan restrinxidos a un **tempo máximo dunha hora ó día**.
- Respecto das impresións empregando os materiais do centro é obrigatorio falar coa responsable da Aula. Recoméndase limitar a 10 o máximo diario en branco e negro, en todo caso, é necesario entregar o mesmo número de folios en branco que os que se utilicen na impresión.

As impresións en cor só están permitidas para o *Currículum Vitae* do/a usuario/a e sempre coa autorización da persoa responsable do centro/aula.
- A información gardada será periodicamente borrada e solicítase que non se garde este tipo de información nos computadores do centro.
- Deberan cumprirse estas normas, así como as que indique a encargada da aula. O seu incumprimento poderá supoñer a expulsión do centro correspondente.

* Ante calquera dúbida, pregunte á responsable da Aula.